

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 17 de setembro de 2012</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas e cinco minutos do día dezasete de setembro do ano dous mil doce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG.

Non asisten os deputados don Guillermo Fernández Dopazo e don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión, convocada por resolución da Presidencia do día 15 de xullo de 2012, procédese ó tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-**

Pola Presidencia sométese a votación a urxencia da convocatoria, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (6) e a abstención do deputado do BNG, queda ratificada a urxencia desta convocatoria.

**2º.- TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DE DON ANTONIO MOURIÑO VILLAR Ó CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.-**

O Sr. secretario dá lectura ó escrito de renuncia presentado por don Antonio Mouriño Villar, de data 15 de setembro de 2012.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 17 de setembro de 2012</b>
---

**D. Antonio Mouriño Villar** quere agradecerlle ó Sr. presidente (Manuel Baltar) o apoio e a confianza que sempre lle brindou desde que chegou á Deputación. Tamén lle dá as grazas ó anterior presidente (José Luís Baltar), co que tivo a honra de estar nesta Deputación durante máis de dezasete anos. Tamén lles quere dá-las grazas a tódolos compañeiros do equipo de goberno que sempre o apoiaron así como ós compañeiros que forman parte da Corporación. Así mesmo lles dá as grazas ós funcionarios da Deputación que ó longo de todos estes anos tiveron un trato magnífico con el e sempre o atenderon correctamente e apoiándoo en todo o que pedía. Deséxalle á Deputación os maiores éxitos e que poida seguir funcionando cada día o mellor posible.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, deséxalle ó Sr. Mouriño todo o mellor no terreo persoal, pero ten que entender que no político non lle poden desexa-lo mellor. Espera que (se sae elixido como deputado da Xunta de Galicia) defenda os intereses da provincia de Ourense, que é o máis importante para todos, mellor que algúns que están agora.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dálle as grazas ó Sr. Mouriño porque sempre foi unha persoa positiva que leva moitos anos pelexando pola provincia e polo seu concello. Espera que teña sorte en Santiago xa que esa sorte irá ligada ós intereses da provincia, que falta lle fai.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, deséxalle ó mellor ó Sr. Mouriño persoalmente, pero pensa que o mellor que lle podía pasar á provincia de Ourense é que na Xunta o Sr. Mouriño pase á oposición.

O **Sr. presidente** agradécelle os dezasete anos de pertenza a esta Corporación Provincial, a súa dedicación, o seu compromiso, a súa responsabilidade, e está seguro que estas mesmas características serán o seu labor político no futuro.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Antonio Mouriño Villar, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 17 de setembro de 2012</b>
---

E, ás 10:15 horas do citado día dezasete de setembro do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**